

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE AGOSTO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 16 de agosto de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Río Navía, número 57; para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Flor de Malva, números 49-51 e 53-55; para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en edificación tradicional, sita no núcleo rural tradicional de Vilaestevez, parroquia de San Xoán do Alto; para cambio de uso de 5 locais de oficina a vivenda, no edificio coa licenza de obras 1165/06, aumentando en 5 o número total de vivendas do edificio, sito na Unidade de Actuación N-7, parcela 7; para cambio de uso de 13 locais de oficina a vivenda, no edificio coa licenza de obras 292/07, aumentando en 13 o número total de vivendas do edificio, sito na Unidade de Actuación n-24, parcela 1; para cambio de uso de 3 locais de oficina a vivenda, no edificio coa licenza de obras 329/11, sito na avenida da Coruña, número 217-221 e para cambio de uso de 6 locais de oficina a vivenda, nas plantas 1ª, 2ª e 3ª do edificio coas licenzas municipais, números 701/04, 111/05 e 1.205/05, sito na Unidade de Actuación cs-19, parcela 1, Rúasan Roque -Ccatasol.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a aprobación do proxecto de modificación do Regulamento do Corpo de Bombeiros.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg34.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-8-2012

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación da adquisición dun módulo de software para o enlace automático dos aplicativos tao de xestión municipal cos servizos da dxt teatr@ e nostr@-dev e a apertura do procedemento de adxudicación.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 14 de maio de 2012, relativa á área de rehabilitación integral do casco histórico de Lugo 13ª fase, na Comunidade Autónoma de Galicia, plan de vivenda 2009-2012, período 2011.
- Declaración institucional polo pasamento de don Avelino Pousa Antelo.

Lugo, 22 de agosto de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García